

## 5.- Proxecto lingüístico do centro C.E.I.P A Igrexa – Calo

**Curso 2.021 – 2.022**





## ÍNDICE

<b>CAPÍTULO I.- MARCO NORMATIVO</b> .....	3
<b>CAPÍTULO II .- AS LINGUAS OFICIAS DE GALICIA NAS ETAPAS DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA</b> .....	3
Artigo 1.- Educación Infantil.....	3
Artigo 2.- Educación Primaria.....	3
Artigo 3.- Medidas adoptadas para o alumnado de primaria que non teña o suficiente dominio das linguas oficiais de Galicia.....	4
Artigo 4.- Exención da cualificación das probas de lingua galega.....	5
Artigo 5.- Solicitudes de exención en lingua galega.....	5
<b>CAPÍTULO III.- USO DAS LINGUAS OFICIAIS</b> .....	5
Artigo 6.- Relativo ás actuacións administrativas.....	5
Artigo 7.- Relativo ao profesorado.....	6
Artigo 8.-Relativo ao equipo de dinamización da lingua galega.....	6
<b>CAPÍTULO IV.- OBXECTIVO XERAL E LIÑAS DE ACTUACIÓN PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA</b> .....	8
Artigo 9.- Con referencia ao profesorado.....	8
Artigo 10.- Con referencia ao alumnado e familias.....	8
<b>CAPÍTULO V.- ACTIVIDADES E ESTRATEXIAS DE APRENDIZAXE</b> .....	9

## **CAPÍTULO I.- MARCO NORMATIVO**

De acordo co *Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario*, cada centro debe elaborar o seu proxecto lingüístico que se incluírá dentro do seu proxecto educativo e será aprobado e avaliado polo Consello Escolar do centro educativo.

## **CAPÍTULO II .- AS LINGUAS OFICIAS DE GALICIA NAS ETAPAS DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA**

### **Artigo 1.- Educación Infantil**

1.-Na etapa de educación infantil, o profesorado usará na clase a lingua materna predominante entre o alumnado, e deberá ter en conta a lingua do contorno e coidará de que o alumnado adquira, de forma oral e escrita, o coñecemento da outra lingua oficial de Galicia, dentro dos límites propios da correspondente etapa ou ciclo.

2.-A lingua materna predominante será determinada polo centro educativo de acordo co resultado da consulta que se efectuará aos pais, nais, titores/as ou representantes legais do alumnado antes do comezo do curso escolar acerca da lingua materna do seu fillo/a.

3.-O alumnado atenderase de xeito individualizado tendo en conta a súa lingua materna.

### **Artigo 2.- Educación Primaria**

1.- En toda a etapa da educación primaria garantirase a adquisición da competencia lingüística propia da etapa e do nivel nas dúas linguas oficiais de Galicia.

2.-As materias de cada lingua impartíranse no idioma correspondente.

3.-Impartíranse en galego a materia de coñecemento do medio natural, social e cultural.

4.-Impartíranse en castelán a materia de matemáticas.

5.-O centro decidirá a lingua en que se impartirán o resto das materias de cada curso, garantindo unha distribución na mesma porcentaxe de horas semanais en galego e castelán. Este proceso realizarase cada catro anos.

6.- A Comisión de Coordinación Pedagóxica en outubro de 2015 acordou que,

durante catro cursos, se impartan en lingua galega as materias de Educación Física e Educación Plástica; en lingua castelá as materias de Relixión , Educación en valores e Educación Musical. A materia de libre configuración de centro será dunha hora máis de Lingua Castelá en cuarto e unha hora máis de Lingua Galega en sexto.

**Artigo 3.-** Medidas adoptadas para o alumnado de primaria que non teña o suficiente dominio das linguas oficiais

1.- A atención ao alumnado procedente do estranxeiro está regulada na Orde do 20 de febreiro de 2004 ( DOG 26- 02-049)

2.-Poderán ser obxecto de medidas de atención específica o alumnado que presente descoñecemento das dúas linguas oficiais da nosa comunidade (galego e castelán) As medidas a levar a cabo poderán ser :

- Medidas organizativas: grupos de adquisición das linguas, grupo de adaptación da competencia curricular.

- Medidas curriculares: reforzo educativo, adaptacións curriculares, flexibilizacións de idade.

3.- Grupo de adquisición das linguas (a partir de educación infantil 5 anos): cunha duración dun trimestre e cun horario semanal de 5 sesións en educación infantil, 10 sesións no 1º ciclo e 20 sesións no 2º e 3º ciclo. O equipo de avaliación poderá previa autorización da inspección educativa ampliar o tempo de permanencia neste grupo. Os alumnos/as asistirán as áreas de Educación Física e Educación Artística co grupo ordinario.

Este grupo de adquisición das linguas será impartido polo profesorado de apoio que ditamine a administración educativa.

4.-Grupo de adaptación curricular (a partir do 2º ciclo de educación primaria): se a avaliación diagnóstica determina a necesidade dunha adaptación curricular estes alumnos serán atendidos pola mestra de PT (Pedagoxía Terapéutica) ou de AL(Audición e Linguaxe) en grupos cunha duración máxima de 8 sesións de clase semanais. Estas sesións coincidirán preferentemente coas materias instrumentais.

#### **Artigo 4.-** Exención da cualificación das probas de lingua galega

1.- Poderá solicitala o alumnado de 3º ciclo de educación primaria que se incorpore ao sistema educativo de Galicia, procedente doutra comunidade autónoma ou ben dun país estranxeiro.

2.- A exención suporá a consignación de exento nos documentos oficiais de avaliación do alumnado.

3.- O alumnado terá que asistir ás clases como medio de integración lingüística e coa finalidade de que co seu esforzo persoal, con materiais didácticos específicos e co reforzo do seu profesorado poida ter, ao remate da exención, un dominio adecuado da lingua galega e seguir as ensinanzas propias do nivel.

#### **Artigo 5.-** Solicitudes de exención en lingua galega

1.- A exención solicitarase cada ano académico, sen que se poidan conceder máis de dous cursos escolares consecutivos.

2.- As solicitudes de exención dirixiranse á dirección que resolverán a concesión ou denegación no prazo máximo de dez días hábiles.

3.- A resolución da dirección poderá ser impugnada mediante recurso de alzada, no prazo dun mes, perante o xefe/a territorial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

### **CAPÍTULO III.- USO DAS LINGUAS OFICIAIS**

#### **Artigo 6.-** Relativo ás actuacións administrativas

1.- Utilizarase, con carácter xeral, a lingua galega e fomentarse o seu uso oral e escrito, tanto nas relacións mutuas e internas como nas que manteñan coas administracións territoriais e locais galegas e coas demais entidades públicas e privadas de Galicia.

2.- Utilizarase, con carácter xeral, a lingua galega nas actuacións administrativas de réxime interno do centro, como actas, comunicados e anuncios.

3.- Utilizarase a lingua castelá no referido a comunicacións con comunidades autónomas e cos órganos da Administración do Estado radicados fóra da comunidade autónoma galega.

4.- Este proxecto lingüístico será redactado por unha comisión do profesorado do centro, nomeada polo equipo directivo e oída a comisión de coordinación pedagóxica; ademais do coordinador/a do equipo de dinamización da lingua galega.

5.-O proxecto formará parte do proxecto educativo do centro e será aprobado e avaliado polo Consello Escolar do centro.

### **Artigo 7.-** Relativo ao profesorado

1.-As programacións e outros documentos didácticos das materias de lingua redactaranse, con carácter xeral, na lingua respectiva.

2.- Os materiais e libros de texto das materias impartidas en galego e en castelán estarán redactados na lingua en que se imparta a materia.

3.-O proxecto lingüístico será redactado por unha comisión de profesorado do centro, nomeada polo equipo directivo e oída a comisión de coordinación pedagóxica. Formará parte dela o coordinador/a do equipo de dinamización de lingua galega.

### **Artigo 8.-**Relativo ao equipo de dinamización da lingua galega

#### **1.- Composición do Equipo.**

- Este equipo será nomeado e supervisado pola dirección do centro, e estará formado por profesorado de cada ciclo, polo seu coordinador/a e por persoal non docente.
- Este equipo reunirse cunha periodicidade mensual e realizará unha sesión extraordinaria ao comezo do curso e outra ao finalizar, así como tantas outras se consideren necesarias.

2.-Competencias do equipo, nomeamento, cesamento e competencias da persoa coordinadora.

*Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria (DOG nº 206)*

1.- Os equipos de dinamización da lingua galega terán un papel fundamental no deseño, posta en práctica e revisión dos programas e actividades para o fomento e dinamización da lingua

galega.

É competencia do equipo:

- Presentar a través do claustro, propostas ao equipo directivo, para a fixación dos obxectivos de normalización de lingua galega que se incluírán no proxecto lingüístico de centro.
- Propoñer á Comisión de Coordinación Pedagóxica o plan xeral para a dinamización da lingua galega, especificando as medidas para potenciar o uso da lingua galega nas actividades do centro e proxectos tendentes á mellorar a competencia lingüística dos membros da comunidade educativa.
- Elaborar e dinamizar un plan anual de actividades
- Presentar para a súa aprobación no consello escolar o orzamento de investimento dos recursos económicos disponibles.
- Aquelaoutras funcións que a Consellería de Educación estableza na súa normativa.

2.- O coordinador/a formará parte da comisión encargada de redactar o proxecto lingüístico.

- A coordinación será desempeñada por un profesor/a, preferentemente con destino definitivo no centro.
- Desempeñará as súas funcións durante dous anos, renovables, se é o caso.

3.- Son competencias da persoa coordinadora:

- Colaborar na elaboración dos proxectos curriculares de etapa.
- Responsabilizarse da redacción dos plans que han de ser propostos á comisión de coordinación pedagóxica.
- Convocar e presidir as reunións do equipo.
- Responsabilizarse da redacción das actas das reunións.
- Responsabilizarse da redacción da memoria final de curso, na que se fará unha avaliación das actividades realizadas

## **CAPÍTULO IV.- OBXECTIVO XERAL E LIÑAS DE ACTUACIÓN PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA**

1.-Fomentar o uso da lingua galega entre os distintos compoñentes da comunidade educativa.

**Artigo 9.-** Con referencia ao profesorado, centraremos o noso traballo na consecución dos seguintes obxectivos:

1.-Promover a participación de todo o claustro en actividades formativas relacionadas coa lingua galega así como na elaboración de programacións didácticas e materiais pedagóxicos relacionados coa mesma.

2.-Potenciar a elaboración de materiais curriculares en galego.

3.-Acadar a participación activa do claustro na planificación de actividades, e materiais de apoio, encamiñadas á mellora do coñecemento instrumental da lingua galega como poden ser concursos, colleitas de materiais bibliográficos ou de elementos propios da nosa tradición (regueifas, contos populares ...), elaboración de revistas ou xornais etc.

4.-Empregar o galego como lingua de comunicación nos actos festivos, celebracións, ou calquera tipo de actividades complementarias e extraescolares que se leven a cabo desde o centro.

5.-Participar nos programas e actividades de promoción da lingua galega por parte do concello ou outras asociacións que incrementen o uso do idioma fora do contexto escolar.

**Artigo 10.-** Con referencia ao alumnado e familias

No referente ao alumnado e ás familias fomentaremos acadar os seguintes obxectivos:

- Animar aos alumnos/as a que participen nas diferentes actividades que se planifiquen coa intención de normalizar o uso da lingua galega e o coñecemento e a valoración das nosas festas e tradicións tales como o magosto, o Día das Letras Galegas, Semana Cultural, coñecemento da xeografía e etnografía do Concello, mediante a organización de roteiros de sendeirismo, así como concursos, campañas de animación á lectura ,etc.





- Promover a participación das familias na tarefa de divulgación e transmisión da lingua propia da nosa comunidade, ditos e cantigas populares propias da zona para garantir que se manteñan vivas e non se perdan no tempo.

Por outra banda non podemos esquecer que si queremos acadar os obxectivos expostos con anterioridade é prioritario incrementar os recursos materiais do centro tanto no que se refire á produción propia como allea. Así plantéxase a necesidade de adquirir materiais bibliográficos, audiovisuais, etnográficos... que faciliten a tarefa docente e a motivación dos alumnos/as.

Tamén elaboración de materiais propios como poden ser libros de aula nos que se recollan as experiencias levadas a cabo polo grupo en relación co coñecemento de novo vocabulario, as tradicións, a creación literaria etc, nos que os nenos/as vexan materializado o seu traballo personal e colectivo ao mesmo tempo, e que sirvan como recurso na aula.

## **CAPÍTULO V.- ACTIVIDADES E ESTRATEXIAS DE APRENDIZAXE**

En todas as áreas e en especial na sesión do Plan lector, e para que o alumnado adquira, de forma oral e escrita, o coñecemento das dúas linguas realizaranse actividades tales como:

1. Talleres de: Poesía ( recitar, crear, ilustrar, ...) e comics ( crear, colorear, completar, ...), teatro ( dramatizar, memorizar, representar) e prensa ( seleccionar noticias, elaborar xeroglíficos, rotular, ...)
2. Participar con libros persoais na biblioteca de aula.
3. Seleccionar lendas relacionadas coa zona ou con temas traballados na área de Coñecemento do Medio ( San Andrés de Teixido, A torre de Hércules, A costa da morte, A lagoa de Doniños, A raiña Lupa, Lenda de Loureana, O ferreiro de Castrelos, O río Miño, A serpe do Castro da Toca, Lenda do mozo e a cobra de Terra Chá, lenda da lagoa de Carregal, A lagoa de Louro)
4. Actividades de animación á lectura: contacontos, concursos , exposicións de traballos do alumnado.